

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA DOCE DE XANEIRO DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día doce de xaneiro de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, réunese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e nove de decembro do ano pasado, que é aprobada por unanimidade dos asistentes


2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 1.663/09 de don Victor Mougán Valdés

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a rehabilitación da cuberta da súa vivenda situada en Paizás - Trobe, emprazada en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM, de acordo co proxecto presentado redactado polo arquitecto don Guillermo Muñoz Chesa cun orzamento de 19.500,00 euros

Dáse conta asimesmo da autorización do Departamento Territorial da Consellería de Cultura

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza, e antes do comezo deberá presentar o oficio de dirección de obra do aparelador.



A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado e en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trescentos noventa (#390,00#) euros

2.2.- Instancia num. 719/09 de dona María Sandra Corral Fuentes

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Milla-doiro, solicita licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Afós, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ó 30% da parcela neta; num. Plantas B+1. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Ramón Vieites Castiñeiras cun orzamento de 115.005,80 euros

Dáse conta asimismo da autorización do Departamento Territorial da Consellería de Cultura.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión de licenza, e antes do comezo das mesmas deberá presentar oficio de dirección da obra do arquitecto técnico e coordinador de seguridade e saúde


A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado e ás condicións da autorización de patrimonio, polo que a cor da fachada será branca ou gris e o sistema de oscurecemento das fiestras será cara ó exterior da carpintería, quedando prohibidas as persianas exteriores; en cumprimento do artigo 29 da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ó seu correcto funcionamento, e solicitar a preceptiva de Augas de Galicia; a distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3,00 mts debendo gardar a distancia das aliñacións respecto dos viais. Asimismo deberase colocar un cartel indicador no que se fagan constar os datos dos técnicos directores e contratista; ordenanza que se aplica; destino da construción; data da licenza; prazo de execución das obras; número de plantas autorizadas e número de expediente.

2º.- Así mesmo e á vista do disposto na lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, acéptase a cesión de viais nos termos do plano que figura no proxecto, de 417 m²

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil trescentos euros con doce céntimos (#2.300,12#).

2.3.- Instancia num. 2.172/09 de don Manuel Gamallo Sinde



Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para a construción dun peche de parcela, de aproximadamente 20 mts de lonxitude, con postes e arame, no lugar de Picón, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 10,00 mts de distancia dende o vial; garantirase o natural discorrer das augas; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezoito euros con tres céntimos (#18,03#)

2.4.- Caducidade de licenzas

2.4.1.- Téndose solicitado por dona Concepción Quinteiro Núñez con domicilio no número 14 do lugar de Caldelas da parroquia de Ponte Ulla, deste termo, licenza para rehabilitación de vivenda no lugar de Caldelas (Ponte Ulla) e concedida esta, con data 29 de outubro de 2007, pola Xunta de Goberno Local que tamén aprobou a liquidación do imposto municipal correspondente que ascendía á cantidade de cento noventa e cinco euros con setenta e catro céntimos (#195,74#). Licenza 111/07.


Tendo en conta que a día da data, e segundo consta no expediente, non se executaron as obras nin se procedeu ao ingreso da cantidade resultante da liquidación do imposto municipal.

A Xunta de Goberno, en función do disposto no artigo 197 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, acorda declarar a caducidade da licenza número 111/07, ao non terse executado as obras, e polo tanto anular o acordo de concesión da mesma así coma a cantidade resultante da liquidación do imposto correspondente e que figura no expediente tramitado.

2.4.2.- Téndose solicitado por dona Inés Orosa Barros con domicilio no número 8 do lugar de Sarandón da parroquia de San Miguel de Sarandón, deste termo, licenza para rehabilitación de vivenda no lugar de Sarandón (San Miguel de Sarandón) e concedida esta, con data 27 de novembro de 2007, pola Xunta de Goberno Local que tamén aprobou a liquidación do imposto municipal correspondente que ascendía á cantidade de catrocentos euros (#400,00#). Licenza 128/07.

Tendo en conta que a día da data, e segundo consta no expediente, non se executaron as obras nin se procedeu ao ingreso da cantidade resultante da liquidación do imposto municipal.

A Xunta de Goberno, en función do disposto no artigo 197 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, acorda declarar a caducidade da licenza número 128/07, ao non terse executado as obras, e polo tanto anular o acordo de concesión da mesma así coma a cantida-



de resultante da liquidación do imposto correspondente e que figura no expediente tramitado.

3º.- Acordo, se procede, sobre do *Fondo Estatal para el empleo y la sostenibilidad local 2010*

Dáse conta do Real -Decreto -Lei 13/2009, do 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para El Empleo y la Sostenibilidad Local 2010, adscrito ó Ministerio de Política Territorial, destinado a financiar a realización polos concellos de investimentos xeneradores de emprego e actuacións de carácter social, de competencia municipal, que contribúan á sostenibilidade económica, social e ambiental (BOE num. 259/09, do 27 de outubro)

Dáse conta asimesmo da Resolución , de 2 de novembro de 2009, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, pola que se aproba o modelo de presentación de solicitudes e as condicións para a tramitación dos recursos librados con cargo ó Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local (BOE num. 265/09, do 3 de novembro)

A Xunta de Goberno, sen prexuízo da súa ratificación polo Pleno, acorda:

PRIMEIRO.- Solicitar recursos para financiar programas de actuacións de interese social, ós que se refire o artigo 18 do Real Decreto-Lei , polo importe máximo establecido no mesmo (20%), é dicir, (#109.689,00#), para os seguintes programas:

1.1.- MANTEMENTO DA GARDERÍA MUNICIPAL: 70.000 euros

1.2.- INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN: 20.000 euros

1.3.- ATENCIÓN DOMICILIARIA (DEPENDENCIA): 19.689 euros

SEGUNDO- Solicitar financiamento para a inclusión no citado *Fondo Estatal para El Empleo y la Sostenibilidad Local* dos seguintes proxectos de investimento:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
PECHE DA PARCELA, ADICIÓN DE PORCHE E ACONDICIONAMENTO RAMPLA NO CEIP DE ORTIGUEIRA	41.016,53
PISTA POLIDEPORTIVA DESCUBERTA NO CPI DE VEDRA	63.953,62
AMPLIACIÓN E REFORMA DA GARDERÍA MUNICIPAL	72.385,02
AMPLIACIÓNS DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO EN SANTA CRUZ DE RIBADULLA	76.464,71
AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO EN O MATELO E A TORRE	139.197,17
AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO EN CASTRO-PONTE ULLA	44.641,95
TOTAIS	437.659

TERCEIRO.- Facultar ó Sr. Alcalde e ó Sr. Secretario para que presenten as correspondentes solicitudes de acordo co establecido no artigo segundo da Resolución do 2 de novembro de 2009

4º.- Dar conta de Resolucions da Alcaldía



4.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trinta de decembro do ano que andamos, pola que á vista das circunstancias actuais acórdase modificar o contrato administrativo de adxudicación de asistencia técnica ó arquitecto don Fermín González Blanco, que terá como obxecto a prestación do servizo técnico integral de arquitecto superior, en concreto os servizos de planificación urbanística segundo as necesidades do concello, incluíndo a redacción do Plan Especial de Ponte Ulla, modificacións puntuais e demais, así como eleborar e asesorar no ámbito específico das súas funcións

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trinta de decembro do ano que andamos, pola que ordénase a modificación e nova redacción do contrato de traballo do arquitecto don Fernando Faya Martínez, que se encargará da realización dos proxectos, memorias valoradas, dirección e certificación das obras de edificación de titularidade municipal de calquera tipo, proxectos de ampliación das redes de saneamento, obras de acondicionamento dos viais existentes e toda clase de obras menores, agás a realización de proxectos eléctricos cando estes sexan esixidos polo REBT, ademais do resto das tarefas propias do posto de arquitecto municipal

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5º.- Outros asuntos

5.1.- Solicitudes de atención domiciliaria

5.1.a.- Instancia num. 2.084/09 de dona Isaura Neira Sinde

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita atención domiciliaria para apoio na atención persoal: aseo, vestido e respiro dependencia

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle a atención domiciliaria solicitada en tanto non sexa aprobado o plan de coidados polo SAAD, cunha intensidade de 15 horas mensuais, debendo achegar a usuaria 1,2 euros/hora de acordo coa ordenanza reguladora do servizo

5.1.b.- Instancia num. 1.827/09 de dona Rosario Otero Santasmarinas

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Fins de Sales, solicita atención domiciliaria para atención persoal e doméstica

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle a atención domiciliaria solicitada en tanto non sexa aprobado o plan de coidados polo SAAD, cunha intensidade de 15 horas mensuais, debendo achegar a usuaria 2,4 euros/hora de acordo coa ordenanza reguladora do servizo

5.2.- Solicitud de axuda para situacións de emerxencia social

Dáse conta da instancia num. 2.168/09 na que dona Iruanis Jisel Duque, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita unha axuda para a cobertura de gastos derivados do alugamento da vivenda



A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda con cargo ó programa de emerxencia social por importe de seiscentos (#600,00#) euros

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e corenta minutos

